

Bicos na voz

VERSOS

ESTROFA

ESTROFA

ESTROFA

Eu vin un bico no vento
que estaba a chiscarme un ollo.
Era un bico brincadeiro.
Era un bico ledo e louro.

Tentei collelo na man
e pousalo no meu rostro.
El preferiu camiñar
polo vento mudo e tolo.

Eu quedeime sen o bico,
que, se cadra, tiña dono.
A ese bico pillabán
non o afasto dos meus soños.

Antonio García Teijeiro

A RIMA: sons semellantes que aparecen ao final de cada verso. Exemplo: vento - ollo, brincadeiro - louro.

Fíxate que nun poema cada unha das liñas chámanse versos e un conxunto de versos forman estrofas.

A praza

Na vila a xente compra
na praza, cada xoves
chourizos, morcillas,
leitugas, coliflores.

Compran repolos, sardiñas
e cabazas xeitosiñas;
outros collen ollomoles.
Que riqueza de sabores!

Compran flores en abundancia
na primavera, está claro,
pero non compran sorrisos,
que eses danse de regalo.

Le o poema en voz baixa intentando facer a rima dos versos. Agora intenta lelo en voz alta facendo a rima.

Que palabras do poema acaban parecido? Une.

xoves

xeitosiñas

ollomoles

coliflores

sardiñas

sabores

Pinta da mesma cor as palabras que acaben de xeito parecido.

mar

illa

cor

cidade

póla

amizade

colar

verdade

Completa este poema coas palabras que pintaches.

Vivía un gato preto do _____

e lucía un axóuxere no _____.

Foi un día á _____

e, cun can, fixo _____.

É mentira ou _____?

